etiquetanegra.org

#SarriaSorrí
#aculturasegue

18 xullo - 20 agosto

SARRIA SORRÍ

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

Sarria Concello SARRIA SORRÍ en ETIQUETA NEGRA

ÍNDICE

01. Que é Sarria Sorrí. Pág 3.

02. Programación. Pág 4.

03. Artistas e shows. Pág 5.

04. Quen somos. Pág 13.

05. Patrocinadores. Pág 14.

06. Contacto. Pág 15.

#SarriaSorrí
#aculturasegue

QUE É SARRIA SORRÍ

Sarria Sorrí é un evento cultural que trae a grandes estrelas do stand-up comedy para dinamizar a cultura e economía da comarca lucense.

Trátase dun ciclo de funcións teatrais de comedia, **organizado por Etiqueta Negra Producciones e co Concello de Sarria como patrocinador institucional**. Nace tras o estado de alarma pola pandemia do COVID-19 coma unha aposta polo optimismo na entrada á nova normalidade, e con previsión de continuidade o longo dos anos

A programación mestura grandes figuras da comedia nacional – coma **Leo Harlem**, co que disfrutaremos dunha das súas poucas actuacións deste verán, ademais de **Álex Clavero, Quique Matilla** e **Eva Soriano**–, con recoñecidos artistas galegos que ofrecerán monólogos no noso idioma – coma **David Amor, Oswaldo Digón e Alberte Montes**-; e o cómico emerxente **Pablo Meixe**.

Terá lugar do 18 de xullo ao 20 de agosto en emprazamentos clave do patrimonio cultural da vila como a Praza de Santa Mariña ou o antiguo campo de rugby no Parque de O Chanto. Tamén contará coa colaboración da asociación cultural O Meigallo, será outro dos puntos neurálxicos da programación do ciclo.

O resultado é un evento cultural ao aire libre con tódalas medidas hixiénico-sanitarias pertinentes e os mellores humoristas para facernos ver que, a pesares dos problemas, na nova normalidade tamén se pode sorrir. Ademais, pretende contribuir á configuración dun fondo de contidos creativos de interese cultural e artístico, lingüístico e turístico na nosa Comunidade, potenciando Sarria coma unha parada obrigada do Camiño de Santiago.

#SarriaSorrí
#aculturasegue

PROGRAMACIÓN DA I EDICIÓN DE SARRIA SORRÍ

18 XULLO
LEO HARLEM E EVA SORIANO
Lugar: Campo de Rugby, cercano ao Parque do Chanto.
Hora: 21h
Espectáculo de pago. Entradas dispoñibles en ataquilla.com e no Estanco Gallego de Sarria.

23 XULLO
ÁLEX CLAVERO E QUIQUE MATILLA
Lugar: O Meigallo.
Hora: 21:30h
Espectáculo de balde.
Reserva de entrada obrigada.

1 AGOSTO
PABLO MEIXE
Lugar: Parque de Santa Mariña.
Hora: 22h
Espectáculo de balde.
Reserva de entrada obrigada.

7 AGOSTO
ALBERTE MONTES
Lugar: O Meigallo.
Hora: 22h
Espectáculo de balde.
Reserva de entrada obrigada.

15 AGOSTO
OSWALDO DIGÓN
Lugar: O Meigallo.
Hora: 22:30h
Espectáculo de balde.
Reserva de entrada obrigada.

20 AGOSTO
DAVID AMOR
Lugar: Parque de Santa Mariña.
Hora: 21h
Espectáculo de balde.
Reserva de entrada obrigada.

ARTISTAS

Leo Harlem

Leo Harlem é hoxe en día un dos artistas máis demandados e seica podemos decir que é o humorista máis en forma do noso país, con numerosas colaboracións en espazos de TV, teatro e radio.

Hoxe trae ***Deja que te cuente***, onde fai un percorrido polos mellores monólogos de toda a súa traxectoria. Desde os metrosexuais ás cidades españolas, o humorista trata temas tan cotiáns como a noite, a cociña moderna, os bares, as redes sociais ou as festas de aldea.

Durante os 90 minutos que durará o espectáculo, o público rirá a gargalladas escoitando os textos máis hilarantes do cómico, nunha compilación preparada para triunfar: un espectáculo ao máis puro estilo Leo Harlem que os fans do artista non se poden perder.

ARTISTAS

Eva Soriano

A Eva Soriano podes vela actuando para ***El Club de la Comedia*** de La Sexta, o programa de ***La Resistencia*** de David Broncano e no programa de Buenafuente ***Late Motiv*** en **Movistar+.**

Actualmente, representa co seu propio espectáculo chamado **El Pecado de Eva** no Palacio da Prensa, con gran éxito de crítica e venda completa- e en xira por España. Ten copresentado en Telemadrid en ***Se acabó lo que se daba*** e formou parte do elenco do programa de **Movistar+** ***Las que faltaban***.

En interpretación, Eva Soriano traballou en teatro, microteatro, en musicais e algunhas obras dirixidas por ela mesma. Por se isto fose pouco, tamén colaborou en varias curtametraxes como actriz: ***Game Over, Reflejos, La culpa es de Kevin*** y ***Sombras***.

ARTISTAS

Álex Clavero

Álex Clavero é cómico e monologuista, cun humor case tan branco como a súa pel.

Foi colaborador e guionista do programa de Antena 3 ***El Hormiguero***. Colaborou en ***Lo mejor que te puede pasar***, programa presentado por Nuria Roca en **Melodía FM**. Tamén fixo monólogos no ***El Hormiguero* (Antena 3)**, ***Comedy Central* (Paramount Comedy)**, ***Sopa de Gansos* (Cuatro)** e ***El Club de la Comedia* (La Sexta)**, sendo finalista no certame do ano 2011.

A parte de formar parte do espectáculo V***aquero e Clavero,*** tamén forma parte de ***Humor de Protección Oficial*** xunto a JJ Vaquero, Quique Matilla, Nacho García e Fran El Chavo.

O seu show más recente é ***#mimadreestrendingtopic***, no que bromea coa chegada das novas tecnoloxías á vida dos seus pais e como todos nos afacemos a este novo mundo dixital.

ARTISTAS

Quique Matilla

Humorista, actor e guionista. A primeira vez que Quique Matilla subíu a un escenario para contar chistes foi en 2002 e desde esa ocasión non deixou de facer o que máis lle gusta: crear humor inspirado nas situacións cotiás.

Entre os seus traballos televisivos hai que destacar o seu paso por El Club de la Comedia, Las Noches de Paramount Comedy ou o programa da ETB ***Quique en el País de los Vascos***.

Quique Matilla formou parte de ***Humor de Protección Oficial*** xunto a outros cómicos de Valladolid. A súa experiencia na stand-up comedy, con máis de 1.600 actuacións, aseguran que ao velo teremos gargalladas garantidas.

ARTISTAS

David Amor

A historia de David comeza en 2001 en ***O rei da comedia,*** programa da TVG. Dende entón, é escollido por ***El Club del Chiste*** e, máis tarde, por ***El Club de la Comedia***. Tamén foi actor en ***Gym Tony*** (Cuatro), participante en ***Tu Cara me Suena*** ou colaborador en ***Zapeando*** (La Sexta).

Estréase en teatro no 2010 con ***Fóra de sitio***, seguido de ***Pasa a tomar un café, Amigos ata a morte*** e a súa presenza mensual en ***Las Noches del Club de la Comedia***.

A Sarria Sorrí trae o seu show ***Selfie***, un orixinal monólogo unipersonal de humor elaborado, fresco e innovador con altas dosis de retranca galega.

ARTISTAS

Oswaldo Digón

O monologuista Oswaldo Digón é un cómico destacado nas noites de **Paramount Comedy** e realiza xiras de ***Las Noches de El Club de La Comedia***, onde comparte cartel con cómicos da talla de Dani Rovira, Agustín Jiménez ou El Monaguillo, entre outros.

Actualmente presenta ***Diálogos en 3D***, o espectáculo no que reflexiona dalgúns temas trascendentais na súa vida e na de calquera! Como as cousas que "fan bola", o fracaso e, sobre todo, o medo.

ARTISTAS

Pablo Meixe

Pablo Meixe comezou a adicarse ao teatro aos 14 anos, aos 17 xa dirixía o grupo municipal de Ordes, con 19 faría o seu primeiro monólogo e aos 21 estreouse na televisión de Galicia con ***Os Aspirantes*** presentado por Roberto Vilar.

Actualmente, Pablo ten 8 anos de experiencia no mundo do stand-up , actuando en diferentes salas de todo o territorio nacional, además de ser recoñecido por artistas da gama de Sara Escudero, Eva Soriano ou Leo Harlem.

Presenta o seu show ***Quen aguanta isto?,*** unha reflexión cómica sobre tódolos aspectos do día a día que nos tolean.

ARTISTAS

Alberte Montes

Actor, guionista e cómico. Además da súa traxectoria en series de ámbito nacional como ***Fariña*** (Antena3) ou ***Matar al padre*** e ***Vida Perfecta*** (de Movistar+), como cómico profesional acumula máis de 1.000 actuacións en directo nos seus 12 anos de carreira. Nese tempo, ten compartido escenario con artistas como Ignatius, Luis Álvaro,Toni Moog ou Carlos Blanco e formou parte da plantilla de cómicos de ***Comedy Central***.

Nas **Festas do Apóstol** presenta ***Galego pode selo calquera***. Historicamente téñense empregado os tópicos sobre galegos para ridiculizarnos pero agora xa somos quen de defendernos con orgullo dese estigma, combatendo aos ignorantes e ríndonos dos propios defectos e chufando das nosas diferenzas.

#SarriaSorrí
#aculturasegue

QUEN SOMOS

A produtora sarriana Etiqueta Negra Producciones (ENP) é unha empresa con máis de 15 anos de experiencia no mundo da comedia e da producción teatral.

Durante todos estes anos, non deixamos de medrar, chegando a conseguir a exclusividade na zona norte de España dalgúns e algunhas dos artistas máis relevantes do panorama nacional coma **Leo Harlem, Luis Piedrahita, Berto Romero, Goyo Jiménez, Álex Clavero, David Amor, JJ Vaquero, Xose A. Touriñan, Javier Veiga, Santi Millán, Ana Morgade, Jorge Blass**... a lista é longa.

Además, somos os creadores de importantes eventos coma o ***Encontro Mundial de Humorismo (EMHU)*** e de espectáculos como ***Lechazo á Feira*** e ***A Mariscada dos Idiotas***, entre outros.

Esta experiencia está ao alcance de moi poucas empresas en todo o país, o que nos permitiría crear un ciclo único, tanto a nivel artístico como de repercusión mediática.

etiquetanegra.org

PATROCINADORES

Sarria Concello

Patrocinador institucional

galicia

Xacobeo 2021 Galicia

XUNTA DE GALICIA

Entidades colaboradoras

#SarriaSorrí
#aculturasegue

CONTACTO

ETIQUETA NEGRA

Comunicación
Etiqueta Negra Producciones
Ana Veiga
ana.veiga@etiquetanegra.org
622.771.159

galicia Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA

Sarria Concello SARRIA SORRÍ ETIQUETA NEGRA